

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **PROVINCIAL**

#### **DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

##### **Subvencións e axudas**

*BASES REGULADORAS DOS CURSOS DE ESPAÑOL PARA PERSOAS INMIGRANTES  
PARA A PREPARACIÓN DO DELE A2 PARA O ANO 2021*

#### **BASES REGULADORAS DOS CURSOS DE ESPAÑOL PARA PERSOAS INMIGRANTES PARA A PREPARACIÓN DO DELE A2 PARA O ANO 2021**

No artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega mediante intervencións que permitan lograr os obxectivos marcados nesta lei.

Con ese fin, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, pon en marcha distintas accións e programas dirixidos a entidades, a asociacións e á cidadanía para garantir os principios establecidos na lei.

Segundo o exposto, convócase a cuarta edición dos Cursos de Español para Persoas Inmigrantes para a Preparación do DELE A2, que se rexerán polas seguintes:

### **B A S E S**

#### **Primeira. Obxecto**

Aprobar as bases reguladoras para a inscrición nos Cursos de Español para Persoas Inmigrantes, promovidos pola Deputación de Pontevedra, para a preparación do DELE (Diploma de Español como Lingua Estranxeira) do nivel A2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER) expedido polo Instituto Cervantes.

#### **Segunda. Persoas destinatarias e requisitos**

As persoas destinatarias son inmigrantes en situación administrativa regular, maiores de 16 anos, que precisan preparar o exame do DELE A2 para obter a nacionalidade española.

Daráselles prioridade ás persoas que se atopen preparando ou preparasen as probas do exame de certificación do nivel A2 a través dunha entidade de iniciativa social, rexistrada como entidade prestadora de servizos sociais no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia (Decreto 254/11, de 23 de decembro, publicado no DOG do 20 de xaneiro de 2012) ou a través dalgunha Administración pública.



Os requisitos das persoas participantes serán:

- Presentarse ao exame do DELE A2 para obter a nacionalidade española
- Ser maiores de 16 anos
- Estar empadroadas nun concello da provincia de Pontevedra
- Atoparse en situación administrativa regular en España
- Non contar cunha dispensa do Ministerio de Xustiza para realizar a proba do DELE A2
- Saber ler e escribir
- Ter coñecementos básicos da lingua española. O nivel do curso será o A2 do MCER

### Terceira. Oferta de cursos

3.1 Ofértanse tres (3) edicións, de ata cincuenta e cinco (55) prazas, cun máximo de vinte (20) alumnas e alumnos por aula, no caso de que estes cursos poidan ser presenciais en función da evolución da situación pandémica xerada pola COVID-19.

Se as clases non se puidesen impartir de modo presencial valorarase, xunto co Centro de Linguas da Fundación Universidade de Vigo, a posibilidade de realizalas en remoto, sempre que as persoas admitidas superen previamente unha proba de nivel organizada para o efecto.

En todo caso, o desenvolvemento da formación sempre estará supeditada á normativa sanitaria vixente en cada momento.

3.2 Os cursos terán lugar nas seguintes localidades e datas:

*PRIMEIRA EDICIÓN: VIGO. No lugar que determine a Deputación de Pontevedra*

- Datas: do 24 de maio ao 11 de xuño
- Número de horas: 40
- Horario: de 15.30 a 18.10 horas
- Número máximo de participantes por aula: 20

*SEGUNDA EDICIÓN: VIGO. No lugar que determine a Deputación de Pontevedra*

- Datas: do 14 de xuño ao 2 de xullo
- Número de horas: 40
- Horario: de 9.30 a 12.10 horas
- Número máximo de participantes por aula: 15

*TERCEIRA EDICIÓN: PONTEVEDRA. No lugar que determine a Deputación de Pontevedra*

- Datas: do 13 de setembro ao 1 de outubro
- Número de horas: 40
- Horario: de 9.30 a 12.10 horas
- Número máximo de participantes por aula: 20



Venres, 9 de abril de 2021

Núm. 66

Tras finalizar estas edicións, o alumnado dos cursos presentarase ao exame do DELE A2 levado a cabo polo Instituto Cervantes en Vigo, que terá lugar o 10 de setembro para as persoas candidatas da 1.<sup>a</sup> e da 2.<sup>a</sup> edición e o 13 de novembro para as da 3.<sup>a</sup> edición.

As datas e o número de participantes por aula poderán variar en función da normativa sanitaria en vigor en cada momento ao longo do ano 2021.

#### **Cuarta. Obxectivos**

Estes cursos serven para preparar de maneira práctica as probas do exame para obter a certificación do nivel A2 de español do Instituto Cervantes (DELE A2). Lévanse a cabo mediante prácticas e simulacros de exame e o desenvolvemento de destrezas e estratexias para rendibilizar os coñecementos e o tempo durante a proba.

#### **Quinta. Contidos**

As persoas candidatas aos cursos terán que ser capaces de comprender frases ou expresións de uso frecuente relacionadas con áreas de experiencia que lles sexan especialmente relevantes (información básica sobre a propia persoa e a súa familia, lugares de interese, ocupacións etc.), para interactuar entre elas de forma sinxela e directa sobre aspectos coñecidos ou habituais, para describir en termos simples aspectos do seu pasado e do seu contorno e para satisfacer cuestións relacionadas coas súas necesidades inmediatas.

O contido está orientado á familiarización coa estrutura do exame DELE A2 (proba, tarefas, criterios de cualificación etc.) e ao desenvolvemento de estratexias para superalo.

- *Proba de comprensión lectora:* actividades para practicar a proba, con textos de exames similares aos reais (instrucións, carteis, correos electrónicos, artigos etc.)
- *Proba de comprensión auditiva:* actividades para preparar e practicar esta parte do exame con mostras de audios similares aos das propias probas (avisos, instrucións, material publicitario, anuncios radiofónicos, conversas breves etc.)
- *Proba de expresión e interacción escrita:* actividades con estratexias para escribir de maneira adecuada os diferentes tipos de texto (impresos, solicitudes, cartas, invitacións, correos electrónicos etc.)
- *Proba de expresión e interacción oral:* actividades con mostras similares ás da propia proba oral. Usaranse vídeos que permitan coñecer o ambiente no que se desenvolven estas tarefas e familiarizarse co material do exame

A docencia suporá un total de 120 horas presenciais e 12 horas de titorías, que se desenvolverán de forma presencial se as circunstancias o permiten, ou en remoto, tal e como se recolle na base terceira.



Venres, 9 de abril de 2021

Núm. 66

## Sexta. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Opcionalmente, poderán presentarse as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común utilizando o formulario normalizado dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

## Sétima. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de inscrición será de quince (15) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

## Oitava. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas solicitantes
- Datos de residencia legal de persoas estranxeiras
- Certificado de residencia

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención destes datos poderase solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

## Novena. Documentación

As persoas interesadas deberán entregar coa solicitude a seguinte documentación, segundo corresponda:

- Tarxeta de identificación de estranxeiría (TIE) ou certificado de rexistro de cidadá ou cidadán da Unión no que conste o NIE
- No seu caso, informe da entidade de iniciativa social, rexistrada como entidade prestadora de servizos sociais no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia, na que se atopen preparando ou estivesen preparando as probas do exame de certificación do nivel A2 a través



Venres, 9 de abril de 2021

Núm. 66

do modelo normalizado (anexo I), asinado pola técnica ou técnico da entidade responsable do programa, ou, na súa falta, certificación, informe da mediadora ou mediador cultural ou informe social emitido por unha Administración pública onde se realizou ou se estea realizando a formación oportuna.

### **Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e as súas emendas**

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban levar a cabo durante a tramitación deste procedemento realizaranse preferiblemente por medios electrónicos a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Opcionalmente, tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, que nun prazo de dez (10) días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

### **Décimo primeira. Relación de persoas admitidas e excluídas**

A relación de persoas admitidas e excluídas, xunto coas causas da súa exclusión, e a lista de reserva publicaranse no BOPPO, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP; así mesmo, publicaranse en [www.depo.gal](http://www.depo.gal).

### **Décimo segunda. Número de prazas**

O número de prazas por curso será de vinte (20) na 1.ª e na 2.ª edición e de quince (15) na 3.ª (55 en total). Unha vez cuberta a totalidade das prazas, establecerase unha lista de espera de acordo cos criterios establecidos na base décimo terceira desta convocatoria.

Para que se desenvolvan os cursos estes deberán contar, como mínimo, con seis (6) alumnas e alumnos por edición.

### **Décimo terceira. Adxudicación das prazas**

O procedemento de concesión levarase a cabo na seguinte orde:

1.º Persoas solicitantes ás que o organismo provincial non lles financiasse o custo da matrícula do Instituto Cervantes na edición de 2020

2.º Solicitantes que presenten a documentación relativa á preparación das probas do exame de certificación do nivel A2 definida na base segunda desta convocatoria



Venres, 9 de abril de 2021

Núm. 66

3.º Atendendo á data de presentación de solicitudes, segundo o establecido na base sétima desta convocatoria, respectando a orde de inscrición

Unha vez aplicados os criterios anteriores, se houberse máis solicitudes que prazas para asignar, sortearíanse as restantes.

No caso de que, tras realizar a proba de nivel, algunha das persoas integrantes dos cursos non tivese o nivel mínimo para realizalos, o Centro de Linguas comunicarllo á institución provincial durante os primeiros días do curso para anular estas prazas e chamaríanse as seguintes persoas da lista de espera.

#### **Décimo cuarta. Condicións do programa e financiamento**

Os cursos serán integramente custeados pola Deputación de Pontevedra, incluído o custo da matrícula do exame do DELE A2, e impartidos por persoal docente do Centro de Linguas da Fundación Universidade de Vigo. Poderán acceder á matrícula gratuíta do DELE A2 as persoas que participen na modalidade a distancia e aquelas que o fagan presencialmente e que asistan polo menos ao 80 % das clases do curso antes de que finalice o prazo de matrícula para a súa correspondente convocatoria de exame. A realización dunha ou doutra modalidade dependerá da normativa sanitaria vixente en cada momento.

Non se aboarán os gastos de desprazamento desde o lugar de residencia ata os lugares onde se desenvolva cada edición ou se realicen as probas.

O orzamento para esta actividade ascende a un total de catorce mil novecientos cincuenta (14.950,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 21/231.2311.227.07.

#### **Décimo quinta. Protección de datos**

Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e o consentimento explícito no caso do procedemento de solicitude das persoas físicas interesadas.

Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.



Venres, 9 de abril de 2021

Núm. 66

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.

**Décimo sexta. Prazo de vixencia**

As bases que regulan este programa terán vixencia ata o 31 de decembro de 2021.

**Décimo sétima. Réxime xurídico**

Esta convocatoria rexerese por estas bases reguladoras, pola LPACAP e polas demais normas de dereito administrativo.

**Décimo novena. Recursos**

Contra o acordo de aprobación destas bases, que lle pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditase, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112, 123 e 124 da LPACAP), ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses, como se prevé no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

